

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 16 DE MARZO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 16 de marzo de 2015

HORA DE COMEZO: 20:10 h.

HORA DE REMATE: 20:55 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco e D^a M^a Lucía Ledo Fernández.

AUSENTES: D^a Dolores Gallego Santos e D. José Luis Gestido Porto.

SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña e D. Francisco Javier Soliño Soliño.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
REALIZADA O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 23 de febreiro de 2015.

URBANISMO E VIVENDA

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 12 DE MARZO DE
2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE
OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.340.- A JUAN VILLAR S.A., para en A Rocha 21 - Darbo, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, legalizar unha ampliación de aproveitamento baixo cuberta de 87,00 m2, de conformidade co proxecto do arquitecto José Luis Domínguez González, visado o 16 de decembro de 2.014.

Aceptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro, efectuada con data 9 de marzo de 2.015.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 300,00 euros.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.373.- Gilberto Martínez Hermelo, colocación de malla metálica an cerco entre os puntos 1-3, en Fontenova - Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.383.- Francisca Pazo Castro, cerco e rampa de acceso en Paraíso 72b - Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.402.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVDA. VIGO 133, impermeabilización terrazas en Avda. Vigo 133 - Cangas. EXPEDIENTE Nº 25.403.- María Fernández Otero, cambio tella en Rosada 59 - Coiro.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

4º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS S/A-DHESIÓN AO PROGRAMA DE BALNEARIOS DIURNOS "COIDARTE 2015" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Este punto foi retirado da orde do día.

SUBVENCIONS

5º.- ESCRITO DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS PARA A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA-ANO 2015

ASUNTO: PROPOSTA RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN

Con data 20 de xanelro de 2015 publicouse no DOG, n.º 12 a Resolución do 18 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2015.

Con data 18-feb-2015 JOSÉ ENRIQUE SOLTELO VILLAR co NIF 35285485N en representación do Concello de CANGAS con NIF P3600800A solicita subvención ao abeiro da dita resolución.

O artigo 8.1 das bases reguladoras da convocatoria establece que: "Instruído o procedemento, o órgano instrutor formulará proposta de resolución provisional debidamente motivada que será notificada ao interesado para que, nun prazo de dez días, poida formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coide pertinentes de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia."

Unha vez examinada a documentación presentada e comprobado que o expediente cumpre eos requisitos exixidos ñas bases da convocatoria PROPOÑO:

Conceder ao Concello de CANGAS con NIF 35285485N a subvención que se indica a continuación:

OBXECTO DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	SUBVENCION
SEMANA SANTA	3.365,00	3.365,00
ACTUACIÓN SUBVENCIONABLE Carteis programas, folletos e actuacións.		

Segundo o previsto no artigo 16.1 das bases reguladoras, para cobrar a subvención concedida, o beneficiario terá de prazo ata o 30 de setembro de 2015, ou cando o evento subvencionado se realice con posterioridade a esta data, ata o 31 de decembro de 2015, para presentar a documentación xustificativa da subvención concedida.

De conformidade co establecido no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícasele esta proposta para que, nun prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da notificación desta, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Transcorrido o dito prazo sen que se formulen alegacións, resolverase o expediente de concesión nos mesmos termos contidos nggt^fo^Saide resolución.

6º.- ESCRITO DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DO ANO 2015

Visto o escrito remitido pola Axencia de Turismo de Galicia o día 3.3.15 (R.E. nº 2927 do 10.3.15), no que se comunica ao Concello de Cangas da proposta de resolución provisional de concesión de subvención para a contratación de persoal nas oficinas de turismo durante a tempada de verán do ano que andamos e que é como segue:

"Nº DE EXPEDIENTE: TU900A 2015/6-4

ASUNTO: PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN

Con data 20 de xaneiro de 2015 publicouse no DOG nº 12 a Resolución do 18 de decembro de 2014 da Axencia de Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

No artigo 9.1 das bases reguladoras da resolución da convocatoria establécese que: 'Instruído o procedemento, o órgano instrutor formulará proposta de resolución provisional debidamente motivada que será notificada aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia'.

Con base no exposto, e tendo en conta que o expediente se presentou no prazo establecido nas bases reguladoras da resolución da convocatoria e cumpre os requisitos estipulados no obxecto desta (art. 1 das bases reguladoras), esta axencia dita a seguinte,

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL

** Conceder ao concello de CANGAS a subvención que se especifica no seguinte cadro:*

Nº DE TRABALLADORES	Nº DE MESES	IMPORTE MENSUAL	IMPORTE TOTAL	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
2	3,5	1.115,13	7.805,91	7.805,91

Segundo o previsto no artigo 16.1 das bases reguladoras, o interesado disporá dun prazo de ata o 30 de outubro de 2015 para presentar a documentación xustificativa da subvención concedida.

De conformidade co establecido no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselle esta proposta, e contra esta poderá formular as alegacións que estime pertinentes ao seu dereito. O prazo para presentar ditas alegacións é de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da notificación da presente proposta de resolución provisional, segundo o establecido no artigo 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda quedar informada do escrito remitido pola Axencia de Turismo de Galicia o día 3.3.15 (R.E. nº 2927 do 10.3.15), no que se comunica ao Concello de Cangas da proposta de resolución provisional de concesión de subvención para a contratación de persoal nas oficinas de turismo durante a tempada de verán do ano 2015.

7º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DA MEMORIA DA OBRA "REFORMA DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA E ILUMINACIÓN INTERIOR CON TECNOLOXÍA LED DA EXCOLEXIATA SANTIAGO DE CANGAS"

RESOLUCION

Comunicadas as necesidades existentes na Excolexiata de Cangas, tanto polo Sr. Cura párroco como polos propios veciñ@s e vistas as mesmas, elabórase polo servizos técnicos municipais unha relación de necesidades, entre elas e a máis importante que facer fronte sería a reforma da instalación eléctrica e iluminación interior con tecnoloxía LED, polo gran deterioro e polo aforro económico que suporá para a parroquia.

Visto o relevante papel de reforzo da institución provincial no cambio que o ciclo económico supuxo na redución dos recursos financeiros dos concellos, e tendo en conta que o que máis coñece as necesidades do municipio e dos seus

veciños son as entidade locais, por ser a administración máis próxima ós cidadáns, e con base na lexislación vixente, esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a memoria valorada da seguinte actuación: Reforma da instalación eléctrica e iluminación interior con tecnoloxía LED da ExColexiata Santiago de Cangas, polo importe de 60.197,92 euros.

Segundo.- Solicitar subvención á Deputación Provincial de Pontevedra para a realización da Reforma da instalación eléctrica e iluminación interior con tecnoloxía LED da ExColexiata Santiago de Cangas, polo importe de 60.197,92 euros con cargo á cantidade reservada no Plan de Acción Municipal 2015 (PAM-2015), á concesión directa, libre disposición do Presidente.

Terceiro.- Declarar que para a actuación relacionada non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Cuarto.- Remitir á Deputación Provincial de Pontevedra copia desta Resolución acompañada do resto da documentación que se especifica

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

8º.- DACIÓN DE CONTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE VIGO

Examinado o convenio de colaboración asinado o día 4 de marzo do 2015 entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e os concellos de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño e Concello de Soutomaior, en materia de desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do convenio asinado entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e os concellos de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño e Concello de Soutomaior, en materia de desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia aos departamentos de Intervención e Gabinete da Alcaldía.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

9º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

9.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
UTE PISCINA CUBERTA DE CANGAS	AVAL	86.968,62 €	ACOPIOS DE MATERIAIS PARA A OBRA DE FINALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE PISCINA CUBERTA MUNICIPAL

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

10º.-DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

10.A) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 36/2015 DE 02/03/2015 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA (X-13/10)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada dos seguintes datos:

* Reclamante: Eufrasia Lago Álvarez

* Asunto: dar conta da sentenza nº 36/2015 de 02/03/2015 do Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 3, que desestima o recurso interposto pola reclamante fronte ao concello, contra a denegación da súa solicitude de modificación inventarial para excluír do inventario municipal de bens un camiño que figura, polo momento, como público, sito no lindeiro Norte da súa propiedade, no Igrexario, nº 40-O Hío. Declara a resolución conforme a dereito, sen prexuízo da facultade da parte actora para instar da xurisdición civil a oportuna declaración definitiva ao respecto da verdadeira titularidade do terreo discutido.

A sentenza, notificada o 09/03/2015, non é firme sendo recorrible no prazo de 15 días hábiles en apelación, debendo a Xunta de Goberno Local comunicar expresamente o seu acordo sobre este extremo se decidese recorrer.

10.B) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 149/2014 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA E DE SENTENZA Nº 24/2015 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA , SECCIÓN 2ª DA CORUÑA

Dáse conta da Sentenza nº 149/2014 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 356/2012 e 90/13 acumulados, promovido por "TRANSPORTES LA UNIÓN, S.A.".

Así mesmo, dáse conta da Sentenza nº 24/2015, ditada pola Sección Segunda do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de apelación nº 4443/2014, promovido por "TRANSPORTES LA UNIÓN, S.A.".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 149/2014 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 356/2012 e 90/13 acumulados e da Sentenza nº 24/2015, ditada pola Sección Segunda do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de apelación nº 4443/2014, promovidos estes por "TRANSPORTES LA UNIÓN, S.A.".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento Urbanismo.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS PARA O EXERCICIO 2015

Dáse conta de proposta do día 12.3.15 da concelleira de Servizos Sociais, referente a solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para o cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais para o exercicio 2015, que di o seguinte:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS PARA O EXERCICIO 2015

O Diario Oficial de Galicia nº 63 do día 30 de marzo de 2012, publica o Decreto 99/2012 do 16 de marzo da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar a Consellería de Traballo e Benestar, a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal correspondente ao ano 2015, regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Que o importe total do financiamento solicitado, é de CINCOCENTOS CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON VINTE (504.893,20 €), co seguinte detalle:

- Persoal: 127.426,00 €*
- Mantemento: 600,00 €*
- Axuda no fogar: modalidade de prestación básica plan concertado: 8.800,00 €.*
- " " : modalidade persoas valoradas como dependentes: 261.667,20 €.*
- Xestión de programas: 106.400,000 €.*
- Investimento: 0 €.*

A aportación do Concello de Cangas será de: TRESCENTOS SESENTA E SEIS MIL TRESCENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (366.369,72 €), o que supón unha porcentaxe do 42,05% sobre o orzamento total do proxecto.

Segundo.- Facer constar que o Concello de Cangas para o exercicio 2015 ten consignada partida orzamentaria suficiente para o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais de atención primaria.

Terceiro.- Declarar que para o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais de atención primaria, non recibe ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Cuarto.- Declarar de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse, ñas mesmas condicións que no ano anterior.

Quinto.- Dar conta deste acordo no primeiro Pleno da Corporación Municipal que se realice.

Sexto.- Remitir o presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar, xunto coa documentación que menciona a orde de convocatoria."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Servizos Sociais, referente a solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para o con-financiamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais para o exercicio 2015.

B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS S/APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA AO CONCELLO DE CANGAS AOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS NO ANO 2014

Dáse conta de proposta do día 16.3.15 da concelleira de Servizos Sociais, referente a aprobación da conta xustificativa da axuda concedida ao Concello de Cangas aos servizos sociais comunitarios no ano 2014, que é como segue:

"APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA AO CONCELLO DE CANGAS AOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS NO ANO 2014

Visto o informe do director do Centro Municipal de Benestar Social, referente a seguinte axuda concedida ao Concello de Cangas pola Consellería de Traballo e Benestar para os Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2014, de conformidade co seguinte desglose:

Plan concertado de Servizos Sociais: Total aportado 299.966,15 €

Persoal de Servizos Sociais: 111.189,00 €

Axuda no Fogar (P. Básica): 3.158,32 €

Axuda no Fogar (dependencia) : 185.618,83 €

Convenio limpeza Centro Social: 22.000,00 €

Axuda no Fogar (Prestación básica) 5.007,33 €

Axuda no Fogar (Dependencia) 35.722,27 €

Programas prevención inserción: 17.508,20 €

Propoño á Xunta de Goberno Local:

** Aprobar a conta xustificativa da axuda concedida polo importe de SETECENTOS SETENTA E DOUS MIL NOVECENOS OITENTA E OITO EUROS*

CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (772.988,43 €), segundo o seguinte desglose por programas de:

- *PERSOAL:* 331.710,72 €
- *AXUDA NO FOGAR (prestación básica):* 30.962,58 €
- *AXUDA NO FOGAR (dependencia):* 231.796,92 €
- *XESTIÓN DE PROGRAMAS:* 178.518,21 €."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Servizos Sociais, referente a aprobación da conta xustificativa da axuda concedida ao Concello de Cangas aos servizos sociais comunitarios no ano 2014.

C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERÍA DE SANIDADE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ATENCIÓN E PROTECCIÓN DA SAÚDE

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 6.3.15 de aprobación da conta xustificativa do convenio de colaboración asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde, que di o seguinte:

"Aprobación da conta xustificativa do convenio de colaboración asinado o 3 de decembro de 2014 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a realización de programas de atención e protección da saúde.

Que ao Concello de CANGAS concedéuselle unha subvención por importe total de 213.529,51 €, como axuda económica pola súa adhesión ao convenio de colaboración asinado, o 3 de decembro de 2014, entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a realización de programas de atención e protección da saúde, polo que propoño á Xunta de Goberno Local.

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa do convenio de colaboración asinado o 3 de decembro de 2014 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde, polo importe total

de TRESCENTOS CINCUENTA E SEIS MIL SETECENTOS VINTE E DOUS EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (356.722,38 €), dos que un total de TRESCENTOS CORENTA E OITO MIL OITOCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (348.897,81 €), corresponden a gastos de persoal e que os gastos que están contabilizados polo concello como recoñecemento de obriga ocasionados pola realización dos Programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos no mesmo período anteriormente indicado, ascenden a un total de SETE MIL OITOCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (7.824,57 €).

Segundo.- Que os datos consignados a continuación son certos e que na contabilidade do concello están os documentos xustificativos deles, que quedan á disposición da Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e demais institucións contempladas na lexislación para calquera comprobación que se requira efectuar.

Terceiro.- Que a finalidade da dita subvención, con respecto a este concello, é o desenvolvemento dos programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos, polo que se manifesta o seu cumprimento.

Cuarto.- Que os gastos efectivamente pagados polo concello ocasionados pola realización dos programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos desde 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2014, ascenden a un total de TRESCENTOS CINCUENTA E SEIS MIL SETECENTOS VINTE E DOUS EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (356.722,38 €), dos que un total de TRESCENTOS CORENTA E OITO MIL OITOCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (348.897,81 €), corresponden a gastos de persoal.

Quinto.- Que os gastos que están contabilizados polo concello como recoñecemento de obriga ocasionados pola realización dos programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos no mesmo período anteriormente indicado, ascenden a un total de SETE MIL OITOCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (7.824,57 €).

Sexto.- Que a diferenza entre o gasto efectivamente pagado ou contabilizado como recoñecemento de obriga para o desenvolvemento dos programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos, e o gasto subvencionado pola Consellería foi financiado con fondos propios.

Sétimo.- Que para esa mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública ou privada; polo que o único importe que se vai pecibir para esta actividade é o concedido a través deste convenio.

Oitavo.- Que os conceptos e importes incluídos no presente documento non se utilizaron como xustificantes en ningunha outra subvención de ningunha entidade pública ou privada, nin da Xunta de Galicia."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a aprobación da conta xustificativa do convenio de colaboración asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde.

D) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN EN RÚA DAVID CAL-VILARIÑO

Vista a solicitude presentada o día 9.2.15 por ANDRÉS HERMELO DACOSTA, na que reclama diversa sinalización para a zona da Rúa David Cal, no cruce que está á altura do río, porque os vehículos teñen problemas na saída da referida rúa, polo que solicita que se pinte de amarelo e se coloque un espello para a saída de vehículos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11 e de conformidade co informe emitido o día 12.2.15 pola pola Policía Local, acorda acceder ao solicitado polo Sr. Hermelo Dacosta.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente